

## BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

NOME DO/A AUTOR/A

.....

APELIDOS

.....

ENDEREZO

.....

TELÉFONO

.....

LOCALIDADE

.....

PROVINCIA

.....

MODALIDADE: PINTURA  POESÍA

TÍTULO DA OBRA

.....

TÉCNICA

.....

DIMENSIÓNS

.....

DATA

.....

SINATURA

.....




# Cores con Palabras



TOGARIÑOS  
CENTRO ESCOLA  
ANIMACIÓN E ARTES PLÁSTICAS



XUNTA  
DE GALICIA



*Certame de pintura e poesía dirixido  
a persoas maiores de 55 anos*

## Cores con Palabras

Promovido pola Asociación Galega das Artes, co apoio das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o certame Cores con Palabras promove a creación artística entre as persoas maiores de 55 anos, que poderán presentar ao concurso obras pictóricas ou poéticas orixinais.

## BASES DO CERTAME

Poderán concorrer ao certame Cores con Palabras todas aquelas persoas maiores de 55 anos que presenten obras pictóricas ou poéticas orixinais.

Cada participante poderá presentar un máximo de dúas obras por categoría, que serán inéditas e de temática libre.

## CATEGORÍA PICTÓRICA

As técnicas que se poden utilizar son pintura acrílica, óleo ou técnica mixta sobre lenzo ou táblex. As súas dimensións serán, como mínimo, 20 F (73x60 cm) e, como máximo, 100 F (165x130 cm).

As obras deberán levar marco ou bastidor e presentaranse coa embalaxe protectora suficiente para o seu traslado.

## CATEGORÍA POÉTICA

Os poemas deberán estar escritos en lingua galega. O tema, rima e métrica serán libres, cunha extensión máxima de 30 versos.

## DOCUMENTACIÓN

Xunto coas obras, en cada categoría achegarase o boletín de inscrición debidamente cuberto, cos datos identificativos do/a autor/a, título da obra etc., así como unha fotocopia do carné de identidade do/a autor/a.

## DATA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS OBRAS

As obras poderanse entregar do 26 de setembro ao 1 de outubro de 2016 na sede da:

### **ASOCIACIÓN GALEGA DAS ARTES**

Avda. de Vigo, 25, baixo  
36680 A Estrada (Pontevedra)

Os gastos de entrega e recollida das obras serán por conta de cada participante.

A responsabilidade civil subsidiaria recaerá nas persoas participantes.

## EXPOSICIÓN

Entre todos os traballos presentados, levarase a cabo unha selección das 30 obras de maior calidade, técnica e orixinalidade, que pasarán á fase final. Ademais, publicaranse nun catálogo que se editará con motivo dunha exposición final que se realizará nunha galería aberta ao público con visitas guiadas.

## XURADO

A composición do xurado darase a coñecer o día da entrega de premios e estará composto por destacados persoeiros do mundo da plástica e da poética galega, así como por membros da organización.

## PREMIOS

Establécense 3 premios (primeiro, segundo e terceiro) para cada categoría, pictórica e poética, que serán entregados o día da inauguración da exposición e que consistirán nunha placa conmemorativa e nun diploma acreditativo, así como nunha escultura deseñada para o concurso.

A presentación ao certame supón a total conformidade dos participantes coas presentes bases e a organización resérvase o dereito de interpretarlas ante calquera dúbida.

## INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

*Asociación Galega das Artes*

**Teléfonos:**

**986 572 546**

**671 900 078**